

# Abracadabra Nº 42

REAL OU...IMAXINARIO? UNHA DE ANIMAIS

PASATEMPOS:  
CHISTES, ADIVIÑAS...

GALERÍA DE FOTOS

RECEITA

QUE HAI DE NOVO ...?



# Real ou imaxinario? Unha de animais



Ola!!!! Estaba a esperarvos!!!! É que pensei unha cousa... Ben, primeiro vouvos poñer un pouco en antecedentes para que non creades que perdín un parafuso ou algo así. Estes días, estamos a dar o espazo en clase, e saíu a relucir o tema das viaxes espaciais, e con elas, o do primeiro ser vivo en viaxar ao espazo: a cadeliña " Laika ", que viaxou a bordo da nave Sputnik 2, o 3 de novembro de 1957. E entón, viñéronme á mente unha chea de animais que pasaron á historia. Algúns reais... e outros imaxinarios, pero tan ben descritos que ás veces parecen cruzar a liña que divide a imaxinación da realidade. E é aquí, neste preciso punto, no que se me ocorreu rescatar o xogo de "Real ou imaxinario?", pero mellorado na versión 2: "Unha de animais". Así que, sen máis preámbulos, preparádevos para adiviñar se os seguintes animais son reais ou non:

Acordádevos do conto do pequeno hipopótamo que foi adoptado por unha tartaruga: "Unha mamá para Owen"? Pois este é o primeiro. O hipopótamo Owen... REAL ou IMAXINARIO?... (redobre de tambor...) Si. Owen é real, ademais de ser o protagonista deste conto, que narra a súa historia. Tras un tsunami en Quenia, Owen, que tiña menos dun ano, perdeu a súa mamá. El foi rescatado e levado a unha reserva natural nos arredores de Mombasa. Os hipopótamos viven coas súas nais ata os 4 anos, e Owen, ao chegar á reserva, escolleu a Mzee, unha tartaruga macho de 130 anos, para ser a súa mamá. Punto para todos os acertantes!!!

Agora tócalle a quenda a Balto, o can esquimó. Acordádevos de Balto, non? Cantas aventuras vivimos con el. Pois ben, aí vai a pregunta que estades a esperar. Balto é... REAL ou IMAXINARIO?... (redobre de tambor...). Encántanme os redobres de tambor!! Pois si, Balto é real e pasou á historia porque grazas a el conseguiron levar a tempo, as vacinas que salvaron á poboación de Nome (un pobo de Alasca) dunha epidemia de difteria (unha enfermidade mortal e moi contagiosa que afecta sobre todo á infancia). Así que Balto, non só é real, senón que se converteu en todo un heroe. Así que punto para todos os que acertastes!!!!

Como ides? Seguimos? Pois este vai para todos os fans de Harry Potter. Hedwig, a curuxa branca de Harry... REAL ou IMAXINARIA?... (redobre de tambor...) Hedwig é imaxinaria, produto da asombrosa imaxinación de J. K. Rowling. Quen si é real é Gizmo, un dos mouchos nivais que a interpretou nas pantallas, xunto con Ook e Sprout. Como dato curioso direivos que o primeiro membro da escolla de persoal en ser seleccionado foi precisamente o intérprete de Hedwig. Outro punto para os que acertastes!!!

Lamentablemente, todo o bo acábase... E este xogo, polo menos para min, está a acabarse por hoxe, porque me teño que ir. Pero antes de marchar propóño-vos o último... (redobre de tambor...) e a quenda é para Platero, o pequeno, peludo e suave burriño da obra "Platero y yo" de Juan Ramón Jiménez. E ben?... Platero... REAL ou IMAXINARIO?... (redobre de tambor...) Pois velaquí un deses animais tan ben descritos que parecen vivir na liña que divide a imaxinación da realidade. En Andalucía coñécese como "platero" aos asnos de pelo gris, e a obra, nárرانos a historia dun burriño, Platero, feito da suma dos recordos que o poeta tiña de todos os asnos que tivo de mozo. Se se mira ben, é como un frankensburro... ha, ha, ha.

Agora si que me teño que ir. Pero podedes seguir xogando vós. Tanto a historia, como a literatura están cheos de animais sorprendentes que vos encantará coñecer. Non deixedes de facelo.

Vémonos no próximo número!!!!



# PASATEMPOS



## QUE ANIMAL ...

...al revés es un cereal?  
La zorra.

...anda con las patas en la cabeza?  
El piojo.

...vuela más alto?  
El piojo de un astronauta.

...no es insecto y tiene alas pero no plumas?  
El murciélago.

...va dejando su caminito de plata?  
El caracol.



## CHISTES

Aquí están os chistes:

Unha muller entra nunha tenda de paxaros e pregunta:  
-Canto custa a cacatúa?  
E o vendedor contesta:  
- Non, a caca miña non se vende.

-Me he comprado cien palomas  
-¿ mensajeras?  
- No, no te exagero nada.


¿Qué le dice el león a la cebra?  
-No me rayes.

Un gato y un gallo pasean por la orilla de un lago.  
De pronto, el gato se cae al agua y grita:  
- ¡Miaooogo! ¡ Miaooogo!  
El gallo contesta:  
-¿Qui quiri qui haga? ¿Qui quiri qui haga?

Una mujer está viendo una película del oeste por la tele en compañía de su gato y dice:  
- ¿Has visto qué tonto ese vaquero? ¡habla con su caballo!

## ADIVIÑA

Cucurico non ten ollos, cu nin bico, e os fillos de cucurico teñen ollos, cu e bico.  
(O ovo e o pitiño)



SÚPER CHISTES 3 MONTENA

## REFRANS

Marzo ventoso  
e abril chuvioso  
fan de maio florido e fermoso.

En abril augas mil.

Ata o corenta de maio  
non te quites o saio,  
e, se es de Lugo,  
ata o trinta de xuño.



## GALERÍA DE FOTOS



Participantes no  
Obradoiro de Lego Wedo.  
Que ben o pasamos!!!!

# RECEITA

Nesta ocasión, deixámosvos unha receita saborosísima e cunha presentación que deixará coa boca aberta a todos os vosos invitados.

Que aproveite!!!!



## Paxaros no niño



### Necesitas:

Ovos  
Tallaríns ou espaguetes  
Salsa de tomate  
Sal.



1.

Con axuda dun adulto, pon auga a ferver en dous cazos, un grande e o outro pequeno e engade sal. No cazo pequeno, deposita con coidado tantos ovos como persoas vaiades comer os paxaros do niño, e no segundo, os tallaríns.

2.

Para os tallaríns, calcula o tempo que indiquen as instrucións do fabricante, e escóreos ben. Para os ovos, deixa pasar dez minutos e arrefríaos baixo o chorro de auga fría.

Pélaos e, cun coitelo afiado, corta un pouquiño a clara para que se vexa debaixo a xema.



3.

Coloca en cada cunco un par de culleradas de salsa de tomate quente, e enriba os tallaríns, formando un niño. Pon en cada niño un "pito" e ... ¡já mesa!



"Cocina de colores" de Cristina Macía e fotografía de Cristina Rivarola.

## QUE HAI DE NOVO...?

\* **CELEBRACIÓNS.** Nestes meses na Biblioteca temos unha chea de celebracións : en abril: o 2 de abril "**Día internacional do libro infantil**" e o 23 "**Día do libro**". En maio, o 17 "**Día das Letras Galegas**". Celebrámoslos con talleres abertos para todas as idades no vestíbulo da biblioteca. **Esperámosvos!**

\* **VIII CONCURSO "Palabras de amor"** 140 en positivo. Inventa unha mensaxe motivadora, de apoio ou alegría con entre 140 e 280 caracteres. Podes participar deixándoa na Biblioteca ou nas nosas redes sociais. Infórmate na Biblioteca. A persoa gañadora levará de premio unha tableta.

\* **OBRADOIROS DE PINTURA.** En vacacións de verán organizamos, un ano máis, os talleres de pintura, impartidos por Luisa Valdés. Escolle unha semana das vacacións en horario de 11:00 a 13:00 h. Comeza o prazo de inscrición no mes de xuño. Infórmatel na biblioteca.

\* **BONOLIBRO!** Dádevos présa! finalizamos no mes de maio, e se o finalizades poderedes ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca durante todo o verán.

\* Lembra que podes colaborar coa nosa revista Abracadabra. Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, adiviñas... déixaas na Sección Infantil e Xuvenil e publicarémolas no próximo número da nosa revista.

\* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

**WEB:** <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

**Blog:** <http://bibliotecadacoruna.blogspot.com>

**Fotos:** [www.flickr.com/photos/bibliotecadacoruna](http://www.flickr.com/photos/bibliotecadacoruna)

